

memoria 2007



fundación

GALICIA EUROPA

1. A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

1.1. A Fundación Galicia Europa e os seus obxectivos	7
1.2. Composición da Fundación Galicia Europa: Entidades membros e Padroado	9
1.3. Organigrama da Fundación Galicia Europa	14
1.4. Convenios coa Xunta de Galicia	26

2. PROMOCIÓN DOS INTERESES GALEGOS EN EUROPA

2.1. Participación de Galicia no Consello da Unión Europea	32
2.2. Participación de Galicia no Comité das Rexións	35
2.3. Colaboración entre as oficinas rexionais españolas en Bruxelas	38
2.4. Colaboración coa Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea: Participación galega nos OPEN DAYS 2007	44
2.5. Organización de visitas de representantes galegos a Bruxelas	45
2.6. Actividades culturais en Bruxelas	49

3. FOMENTO DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS

4. INFORMACIÓN E PUBLICACIÓN

4.1. Información: principais novidades da actualidade europea en 2007	69
4.1. Portal web	71
4.1. Publicacións	74

5. FORMACIÓN

5.1. Bolsas	81
5.2. Cursos, seminarios e xornadas	86
5.3. Actividades dirixidas á xuventude	103
5.4. Axudas a entidades para a realización de actividades relacionadas coa integración europea	104

6. AXENDA 2008

7. EUROPA EN GALICIA. ¿QUEN É QUEN?

1 A Fundación Galicia Europa

1.1. A Fundación Galicia Europa e os seus obxectivos

1.2. Composición da Fundación Galicia Europa: Entidades membros e Padroado

1.3. Organigrama da Fundación Galicia Europa

1.4. Convenios coa Xunta de Galicia



1.1. A Fundación Galicia Europa e os seus obxectivos

A Fundación Galicia Europa é unha entidade sen ánimo de lucro creada en 1988 co fin de promover todas as accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa. Participada por diversas entidades públicas e privadas galegas, a Fundación leva animando e apoiando, ao longo dos seus vinte anos de existencia, a presenza galega no proceso de construción europea, levando a cabo unha intensa labor de información e asesoramento, formación e promoción dos intereses galegos.

Durante 2007 a FGE seguiu traballando nas liñas marcadas polo Plan Estratéxico da Fundación Galicia Europa 2006-2009, co obxectivo de facer de Galicia una rexión forte en Europa. Con este fin, a FGE quere contribuír a construír redes de colaboración entre todas aquelas persoas ou entidades con intereses e coñecemento dos asuntos europeos que fagan posible unha maior presenza dos intereses galegos na toma de decisións a nivel europeo.

No Plan Estratéxico da Fundación Galicia Europa 2006-2009, a FGE márcase coma meta traballar para dar resposta en Galicia aos dous desafíos máis importantes aos que se enfronta actualmente a UE:

1. Unha mellor comunicación da actividade europea aos cidadáns galegos.
2. Facer de Galicia unha rexión europea forte no marco das directrices marcadas pola Axenda de Lisboa, que pretende facer de Europa a economía baseada no coñecemento máis competitiva do mundo no ano 2010.

Dentro deste novo contexto, a FGE desenvolve a súa actividade con vistas a acadar os seguintes obxectivos concretos:

- Fomento da participación galega en proxectos europeos, informando e asesorando sobre as posibilidades existentes e promovendo o traballo en rede e o intercambio de experiencias entre os potenciais interesados.
- Promoción dos intereses galegos en Europa, para que a toma de decisións no ámbito comunitario se leve a cabo cun maior coñecemento da realidade e dos intereses galegos e para que se teñan en conta as necesarias aportacións do sector público e privado de Galicia. A FGE tamén se adica a difundir a cultura e o folclore galego desde Bruxelas ao resto de Europa.
- Promoción dun coñecemento e achegamento real da sociedade galega ao proceso de construción europea, mediante o reforzo das actividades de formación e información para que teñan unha maior repercusión, tanto desde un punto de vista cuantitativo como cualitativo. Deste modo tamén se contribuirá a mellorar as aportacións galegas ao dito proceso.

1.2. Composición da Fundación Galicia Europa: Entidades membro e Padroado

■ Padroado

O Padroado é o órgano de representación, goberno e administración da Fundación Galicia Europa. Está presidido polo Presidente da Xunta de Galicia e integrado por representantes das entidades membros que compoñen a Fundación. Reúnese durante o primeiro trimestre de cada ano co obxecto de aprobar a xestión económica e a memoria de actividades do exercicio anterior, e de programar as actividades e orzamento do seguinte exercicio.

No ano 2007, esta reunión tivo lugar o 6 de marzo na oficina da Fundación Galicia Europa en Santiago de Compostela.

Presidente

Sr. D. Emilio Pérez Touriño
PPRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

Vicepresidente:

Sr. D. Vicente Arias Mosquera
VICEPRESIDENTE DO BANCO PASTOR

Representante de Caixa Galicia

Pendente de nomeamento

Secretario Xeral:

Sr. D. José Luis Méndez Romeu
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Tesoureiro:

Sr. D. José Ramón Fernández Antonio
CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA

Vogais:

Sr. D. Fernando Xabier Blanco Álvarez
CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Sr. D. Alfredo Suárez Canal
CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL

Sra. Dna. María Carmen Gallego Calvar
CONSELLEIRA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Sr. D. José Luis Méndez López
DIRECTOR XERAL CAIXA GALICIA

Sr. D. Julio Fernández Gayoso
PRESIDENTE CAIXANOVA

Sr. D. José Luis Pego Alonso
DIRECTOR XERAL CAIXANOVA

Sr. D. Fernando Díaz Fernández
CONSELLEIRO DO BANCO PASTOR

Sr. D. Jesús Asorey Carril
REPRESENTANTE DAS CÁMARAS DE COMERCIO DE GALICIA

Sr. D. Francisco López Peña
DELEGADO DO ESTADO NO CONSORCIO
DA ZONA FRANCA DE VIGO

■ Entidades membro da Fundación Galicia Europa

Con representación no Padroado

ENTIDADES MEMBRO FUNDADORAS



ENTIDADES MEMBRO ADHERIDAS

(integradas con posterioridade á constitución da Fundación Galicia Europa).



Sen representación no Padroado (entidades asociadas)



Grupo de traballo

Composto por representantes das entidades membros que compoñen o Padroado, o Grupo de Traballo réunese periodicamente para avaliar a actuación da FGE e programar actividades futuras. En 2007, o grupo de traballo reuniuse o 26 de febreiro en Santiago de Compostela.

Os integrantes deste Grupo de Traballo son:

Sr. D. Antonio Gómez Rivera
SUBDIRECTOR XERAL CAIXANOVA

Sra. D^a Dolores Montero Vilariño
DEPARTAMENTO INTERNACIONAL CAIXANOVA

Sr. D. Alejandro Kowalski Bianchi
DIRECTOR COMUNICACIÓN BANCO PASTOR

Sr. D. Miguel Viu Pereira
DEPARTAMENTO RELACIÓNS XURÍDICAS CAIXA GALICIA

Sr. D. Fernando Barros Fornos
CÁMARAS DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN

Sr. D. Santiago López-Guerra Román
SECRETARIO XERAL CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO

Sr. D. Santiago Gómez-Reino Lecoq (ata o 28 de setembro)
SECRETARIO XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E DIRECTOR-APODERADO DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Sr. D. Julio César Fernández Mato (desde o 16 de novembro)
SECRETARIO XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES DA XUNTA DE GALICIA E DIRECTOR-APODERADO DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Sra. D^a Ana Ramos Barbosa
DIRECTORA DA OFICINA DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA
EN BRUXELAS

Sr. D. Manuel José Morán García
SUBDIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS COA UNIÓN EUROPEA DA
SECRETARÍA XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES

Consello Asesor

Desde 2001, existe un Consello Asesor integrado por profesionais de recoñecido prestixio vencellados a diferentes sectores de actividade en Galicia ou a Eurorrexión. Este Consello ten por obxectivo debater sobre as políticas comunitarias que afectan a Galicia, previa consulta con outros axentes sociais ou académicos.



1.1. Organigrama da Fundación Galicia Europa

Santiago Gómez-Reino Lecoq
(ata o 28 de setembro)

DIRECTOR

Secretario Xeral de Relacións Exteriores
Xunta de Galicia



Julio César Fernández Mato
(dende o 16 de novembro)

DIRECTOR

Secretario Xeral de Relacións Exteriores
Xunta de Galicia



Ana Ramos Barbosa

DIRECTORA OFICINA DE BRUXELAS





Sofía Rico Lenza

COORDINACIÓN XESTIÓN FINANCEIRA

Subdirectora Xeral de Xestión, Contratación e
Coordinación administrativa

Secretaría Xeral de Relacións Exteriores
Xunta de Galicia



■ Equipo técnico de información e análise comunitario

OFICINA DE SANTIAGO:

Luís Gago Sotorrío

- ★ Apoio técnico nos asuntos europeos á
Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da
Xunta de Galicia
- ★ Coordinación da área de Proxectos Europeos:
Seguimento e fomento da participación galega
en programas europeos
- ★ Edición e coordinación de Revista Galicia
Europa
- ★ Colaboración:
 - Portal Web
 - Programación e Avaliación FGE



OFICINA DE BRUXELAS


María Jesús Garea Lodeiro

- ★ Técnico adxunto á Dirección: Coordinación técnica
- ★ Seguimento de políticas europeas:
 - Desenvolvemento Sostible
 - I+D+i
 - Empresa
- ★ Coordinación da Área de Proxectos Europeos: Seguimento e fomento da participación galega en programas europeos
- ★ Colaboración:
 - Portal Web
 - Boletín Galicia Europa
 - Programación e Avaliación FGE



Pablo Cornide Alonso

- ★ Seguimento de políticas europeas:
 - Seguimento dos avances da Estratexia de Lisboa
 - Desenvolvemento Rexional e Cooperación Territorial
 - Transportes, Enerxía
 - Política Económica, Financeira e Monetaria
- ★ Coordinación do Boletín Galicia Europa
- ★ Colaboración:
 - Área de Proxectos europeos
 - Portal Web
 - Programación e Avaliación FGE





Vanessa Lobo Casas

- ★ Comunicación
- ★ Asuntos culturais
- ★ Seguimento de políticas europeas:
 - Desenvolvemento local
 - Emprego e Política Social
 - Sociedade da Información
 - Sociedade Civil, Cultura e Política Lingüística
- ★ Coordinación:
 - Portal Web
- ★ Colaboración:
 - Área de Proxectos europeos
 - Boletín Galicia Europa
 - Programación e Avaliación FGE



Alba Mariño Enríquez

- ★ Asuntos Institucionais: CDR, REGLEG, Consello
- ★ Seguimento de políticas europeas:
 - Mercado Interior e Asuntos Xurídicos
 - Saúde Pública e Consumidores
 - Relacións Exteriores
- ★ Colaboración:
 - Área de Proxectos europeos
 - Portal Web
 - Boletín Galicia Europa
 - Programación e Avaliación FGE



Eleuterio Rodríguez Mariño

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, XUNTA DE GALICIA

- ★ Seguimento das políticas europeas de interese para a Consellería



Olalla López Álvarez

CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR

- ★ Seguimento das políticas europeas de interese para a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia



Adriana Varela Fernández

FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA

Oficina de Programas Internacionais de I+D+i

- ★ Seguimento das políticas europeas de interese para a Dirección Xeral de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria



Manuel Pueyo Fernández

FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL
E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA

Oficina de Programas Internacionais de I+D+i

- ★ Seguimento das políticas europeas de interese para a Dirección Xeral de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria



Dolores Linares Cuerpo

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA, XUNTA DE GALICIA

- ★ Seguimento das políticas europeas de interese para a Consellería



■ Comunicación

OFICINA DE SANTIAGO:



Gabriel Lemos Doval

OFICINA DE BRUXELAS:



★ Eva Vázquez Salgueiros

■ Administración e secretariado

OFICINA DE SANTIAGO:

M^a Belén Rodríguez Martín

RESPONSABLE ADMINISTRACIÓN

- ★ Persoal
- ★ Servizos externos e provedores
- ★ Información, seguimento e asesoramento en materia de bolsas
- ★ Estudo e formación
- ★ Control xeral do gasto (seguimento orzamentario)
- ★ Atención ao público.





Gabriela Denise Loreiro Szeliga

AUXILIAR ADMINISTRATIVO

- ★ Administración do correo
- ★ Xestión, seguimento e actualización de arquivos e bases de datos da oficina
- ★ Atención ao público
- ★ Apoio administración en xeral.



OFICINA DE BRUXELAS:

Marlène Fernández González

RESPONSABLE ADMINISTRACIÓN

- ★ Información, seguimento e asesoramento en materia de bolsas e axudas
- ★ Persoal
- ★ Servizos externos e provedores
- ★ Mantemento de oficina: material, mercancías, sistema informático...
- ★ Control xeral do gasto (seguimento orzamentario)
- ★ Xestión e seguimento das normas impostas polas institucións belgas
- ★ Asesoramento á emigración en Bélxica (acción social)
- ★ Organización de actos, reunións e eventos varios da Fundación Galicia Europa e doutros organismos galegos en Bruxelas.



Renée Avial García

SECRETARIA DE DIRECCIÓN

- ★ Asistente da Directora
- ★ Atención ao público
- ★ Axenda semanal das actividades exteriores do persoal da oficina
- ★ Xestión e elaboración dos programas de visitas institucionais
- ★ Encargada das relacións cos centros galegos en Bélxica
- ★ Organización de actos, reunións e eventos varios da Fundación Galicia Europa e doutros organismos galegos en Bruxelas
- ★ Mantemento do directorio da oficina.



Mónica San José Fernández

AUXILIAR ADMINISTRATIVO

- ★ Apoio administrativo aos técnicos
- ★ Envíos prensa e outros produtos da oficina
- ★ Mantemento da biblioteca
- ★ Alimentación de bases de datos: REPER
- ★ Apoio administrativo en xeral: directorio, mailings, atención ao público, etc.
- ★ Apoio á organización de actos, reunións, eventos e outras actividades da FGE.



■ Oficina de información europea para xoves


Pilar del Oro Sáez

★ Coordinadora da oficina



■ Licenciados en prácticas

OFICINA DE SANTIAGO:



Tamara Guirao Espiñeira



Víctor Pérez Pascual



Yago Valencia Abad



Ana Veiras Neira



OFICINA DE BRUXELAS:



María Coronado Vizcaya



José Daniel Ugarte Otero



Javier Villar Burke




M. Alejandro Ramilo Rodríguez



Alesia Dacal Rodríguez



Manuel Crespo Otero



Alesia Dacal Rodríguez



Gema Pérez Pérez
Bolsaira do Instituto
Galego de Promoción
Económica (IGAPE)

1.4. Convenios cá Xunta de Galicia

Convenios coa Consellería do Medio Rural, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Consellería de Innovación e Industria e Consellería de Economía e Facenda

Co obxecto de fortalecer a presenza de Galicia en Bruxelas ante a UE e respondendo á necesidade das Consellerías de contar con persoal propio na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas que permita reforzar a labor do equipo da oficina no asesoramento en temas de interese para as Consellerías, a Fundación Galicia Europa foi establecendo desde o segundo semestre do 2006 varios convenios con diferentes departamentos da Xunta de Galicia. Actualmente están vixentes convenios con:

- a Consellería do Medio Rural,
- a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos,
- a Consellería de Innovación e Industria,
- a Consellería de Economía e Facenda.

Convenio coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia

A Fundación Galicia Europa mantén, coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o convenio de colaboración, que desde maio de 1997, tiña coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para o desenvolvemento de actividades de información e documentación para mozos a través da Oficina de Información Europea para mozos que a propia Fundación Galicia Europa ten na súa sede de Santiago.

A Oficina de Información Europea para a Xuventude está a disposición da mocidade galega para calquera consulta relacionada cos ámbitos que lles preocupan e que teñan unha estreita relación coas competencias que a Unión Europea desenvolve. Destacan entre elas: as bolsas de estudos, as prácticas nas institucións europeas, e o financiamento comunitario a través de programas europeos.

Convenio co Igape

A Fundación Galicia Europa mantén un convenio co Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE). Por medio deste convenio, o IGAPE pode dispoñer dun bolseiro en Bruxelas que se integra no equipo de traballo da Fundación Galicia Europa, onde conta co apoio necesario para ampliar a súa formación no eido comunitario. Esta persoa encárgase de proporcionar á entidade que a selecciona información concreta nas áreas do seu interese ademais de colaborar co resto do equipo da Fundación Galicia Europa nestes ámbitos.



2 Promoción dos intereses galegos en Europa

2.1. Participación de Galicia no Consello da Unión Europea

2.2. Participación de Galicia no Comité das Rexións

2.3. Colaboración entre as oficinas rexionais españolas en Bruxelas

2.4. Colaboración coa Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea: Participación galega nos OPEN DAYS 2007

2.5. Organización de visitas de representantes galegos a Bruxelas

2.6. Actividades culturais en Bruxelas





A Fundación Galicia Europa promove que a toma de decisións no ámbito comunitario se leve a cabo cun maior coñecemento da realidade e dos intereses galegos considerando as necesarias contribucións do sector público e privado de Galicia.

Polo que se refire ao fomento dos intereses das empresas galegas, a Fundación pon en marcha as seguintes iniciativas:

- Fomento da presenza do sector produtivo galego nos comités consultivos da UE
- Conseguir o selo de calidade europeo para centros galegos de excelencia en diversos campos.
- Promover unha maior participación galega nas licitacións europeas (infraestruturas, redes de transporte, asistencia técnica, etc.)

No eido institucional, a FGE exerce un labor de apoio á participación da Xunta de Galicia nas formacións do Consello de ministros da UE que están abertas á participación das CCAA. Con esta finalidade colabórase estreitamente coa Representación Permanente de España ante a UE. Ademais, no Comité das Rexións, que constitúe un foro privilexiado para a defensa dos intereses galegos, a Fundación presta, do mesmo xeito, un importante apoio aos membros titular e suplente da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desde o 2002 existe, ademais, unha estrutura de coordinación entre as oficinas das CCAA en Bruxelas, nas que participa a FGE, que se amosou como instrumento de gran utilidade para o intercambio de informa-



ción, a posta en común de contactos e o reforzo da interlocución coa Representación Permanente de España e as institucións europeas.

Por último, séguese impulsando o traballo en rede con outras rexións europeas, que non só garanten intercambios de boas prácticas, senón que permiten un maior achegamento da realidade rexional ás institucións comunitarias. A modo de exemplo, a rede REGLEG posibilita a participación da Fundación nun foro privilexiado xunto a máis de 70 rexións con potestades lexislativas en Europa.

2.1. Participación de Galicia no Consello da Unión Europea

■ Participación autonómica no Consello da Unión Europea

Os acordos do 9 de decembro de 2004 entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas permitiron formalizar a participación directa destas no Consello da Unión Europea. A presenza das Comunidades Autónomas supón un importante paso no avance do sistema de participación autonómica nos asuntos europeos, non só por ser o Consello, xunto co Parlamento Europeo, o poder lexislativo da Unión, senón tamén polo seu importante valor simbólico.

O acordo permite a participación das Comunidades Autónomas en todos os niveis, desde as reunións do Consello a nivel ministerial, mediante a incorporación dun representante autonómico con rango de conselleiro na delegación española, ata a presenza directa nas instancias preparatorias das reunións do Consello, tales coma os grupos de traballo do Consello. Nun principio, a participación autonómica abriuse ás formacións do Consello de Agricultura e Pesca, Educación, Cultura,

Xuventude e Audiovisual, Emprego, Política Social, Saúde e Consumidores, e Medio Ambiente.

Dentro do principio de unidade de representación exterior do Estado e de lealdade institucional, o novo modelo procura fortalecer os mecanismos de formación da vontade do Estado para integrar mellor as realidades dun sistema complexo e descentralizado coma o español, ó mesmo tempo que tenta configurarse como un sistema de participación áxil e flexible, susceptible dun gradual desenvolvemento.

Trala posta en marcha do acordo, levada a cabo durante o ano 2005, os anos 2006 e 2007 serviron para consolidar as prácticas iniciadas e continuar coa participación das Comunidades Autónomas nos diferentes niveis de traballo do Consello da Unión Europea.

A Fundación Galicia Europa continuou prestando apoio aos departamentos competentes da Xunta de Galicia durante o 2007 co obxectivo de facilitar a participación e a comunicación de todas as persoas responsables neste eido. A colaboración estendeuse á Representación Permanente de España ante a Unión Europea e ás demais oficinas autonómicas, o cal facilitou o seguimento da evolución dos traballos nas diferentes formacións do Consello abertas á participación autonómica. Por outra banda, a Fundación prestou apoio técnico ó persoal das correspondentes Consellerías da Xunta de Galicia que ostentaron a representación das Comunidades Autónomas españolas durante 2007.

■ A participación de Galicia

Na liña dos acordos coas distintas conferencias sectoriais, durante o primeiro semestre de 2007 á Comunidade Autónoma de Galicia correspondeulle coordinar a participación das Comunidades Autóno-

mas españolas en varias formacións do Consello. En concreto, Galicia representou a voz das CCAA en materia de Educación, Cultura e Política Audiovisual.

Por este motivo, a conselleira de Educación, Laura Sánchez Piñón, asistiu ás reunións do Consello de Ministros en materia de Educación nos meses de febreiro e maio de 2007, onde tomou a palabra en representación das CCAA.

Este foi igualmente o caso da conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo Rodríguez, que participou na reunión do Consello de Cultura e Audiovisual que tivo lugar o 24 de maio de 2007.

Durante o segundo semestre de 2007 á Comunidade Autónoma de Galicia correspondeulle coordinar a participación das Comunidades Autónomas españolas no Consello de Medio Ambiente do mes de outubro. Esta coordinación foi asumida pola Consellería de Medio Ambiente.

No plano práctico, a Fundación apoiou aos técnicos dos departamentos relevantes da Xunta de Galicia desprazados a Bruxelas que ostentaron a representación das Comunidades Autónomas españolas durante 2007 no senso de facilitar un correcto desenvolvemento da súa participación nos diversos niveis de traballo abertos ás CCAA.

Desde a Fundación Galicia Europa seguiuuse de preto o desenvolvemento dos traballos levados a cabo nas formacións do Consello abertas á participación autonómica, co obxectivo de asesorar, apoiar e facilitar permanentemente o labor dos departamentos responsables dentro da Xunta de Galicia. Así mesmo, a colaboración estendeuse á Representación Permanente de España perante a Unión Europea e as outras oficinas autonómicas, o que facilitou o seguimento da evolución dos



A conselleira de Educación, Laura Sánchez Piñón, no Consello de Educación que tivo lugar en maio

traballos nas diferentes formacións do Consello e unha correcta transición entre CCAA coordinadoras.

2.2. Participación de Galicia no Comité das Rexións

O Comité das Rexións (CdR) é a asemblea consultiva comunitaria na que están representados os entes locais e rexionais da Unión Europea. Composto por 317 membros no ano 2006 (21 dos cales son españois), o membro titular e o membro suplente representantes da Comunidade Autónoma de Galicia son o presidente da Xunta de

Galicia e o secretario xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia, respectivamente.

En calidade de órgano consultivo da Unión Europea, o Comité debe ser consultado obrigatoriamente nunha serie de materias concretas como a cohesión económica e social, o transporte, o emprego, a educación ou a cultura, aínda que tamén pode consultarse sempre que se estime oportuno. Igualmente, o CdR elabora ditames por iniciativa propia, que lle permiten tratar calquera asunto que figure na axenda europea.

A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, en permanente coordinación coa Xunta de Galicia, presta asistencia e apoio aos membros galegos do CdR na súa participación nos traballos do Comité. Xunto co apoio loxístico, a oficina fai un seguimento constante dos traballos do Comité e colabora na elaboración de emendas a ditames e informes debatidos tanto nas comisións das que forma parte Galicia coma no pleno, cando se considera preciso para a inclusión e consideración dos intereses de Galicia.

No actual período, os membros galegos forman parte das seguintes comisións sectoriais:

- Comisión de Desenvolvemento Sostible (DEVE): os seus eidos de competencia son, entre outros, a política agrícola común e o desenvolvemento rural, a pesca, e o medio ambiente.
- Comisión de Política Territorial (COTER): con competencias nos ámbitos de cohesión económica e social e cohesión territorial, fondos estruturais, cooperación territorial e transportes e redes transeuropeas de transporte.

De entre as principais actividades realizadas polos membros galegos ao longo do 2007, e que contaron co apoio do persoal da Fundación Galicia Europa, debemos salientar as diferentes iniciativas vencelladas ao debate sobre a constitución das Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial. Nexte contexto, sitúase a organización e celebración dun seminario no marco da comisión COTER que se levou a cabo en colaboración co Comité das Rexións. O seminario, que contou con preto de cen participantes, tivo lugar en Baiona en xullo de 2007 e durante o mesmo debatéronse as perspectivas e posibilidades abertas coa aprobación do Regulamento comunitario polo que se crea a figura da Agrupación Europea de Cooperación Territorial.



O presidente da Comisión COTER do CdR, Albert Bore, o presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, e o secretario xeral de Relacións Exteriores e director da Fundación Galicia Europa, Santiago Gómez-Reino

2.3. Colaboración entre as oficinas rexionais españolas en Bruxelas (CORE)

Os directores das oficinas rexionais españolas en Bruxelas firmaron no 2002, baixo coordinación da oficina da Fundación Galicia Europa, un Acordo de Colaboración co obxectivo de estreitar relacións, mellorar os seus sistemas de información e potenciar os seus recursos humanos. A posta en marcha desta colaboración permitiu reforzar a interlocución destas oficinas ante as institucións europeas e perante a Representación Permanente de España ante a Unión Europea (REPER). Durante o ano 2007 a coordinación das oficinas rexionais foi asumida pola oficina do Goberno de Aragón no primeiro semestre e pola oficina do Goberno canario no segundo.

Os traballos desenvolvidos pola CORE durante 2007 estiveron evidentemente marcados pola axenda europea, en cuxo centro se situaba a conmemoración dos 50 anos da firma do Tratado de Roma. Ademais, en xaneiro de 2007 producíase a entrada de Bulgaria e Romanía na Unión Europea como membros de pleno dereito, e en decembro os Xefes de Estado e de Goberno aprobaban en Lisboa un novo Tratado para a Unión Europea, que ven a encher o oco deixado polo proxecto fracasado do Tratado constitucional da Unión Europea.

Os directores das oficinas mantiveron durante 2007 varios encontros para a discusión de temas de interese común, tales coma os relacionados co funcionamento do acordo entre as oficinas, de maneira especial, o traballo dos Grupos de Coordinación Técnicos (GCT), os relativos á presenza da delegación española no Comité das Rexións, as relacións coa REPER ou a participación das Comunidades Autónomas

no Consello de Ministros da Unión Europea, en particular no tocante ao establecemento de boas prácticas neste ámbito.

En relación coas reunións externas mantidas polos directores, hai que destacar as comidas de traballo celebradas cos seguintes responsables comunitarios:

- Alfonso González-Finat, director. Dirección Xeral de Enerxía e Transportes, Dirección D, novas Enerxías, renovables, eficiencia enerxética e innovación.
- Xavier Prats Monne, director, DG Emprego e Asuntos Sociais, Dirección A, FSE, Coordinación políticas nacionais.
- Pablo Fernández Ruiz, director. DG Investigación, Dirección J, Enerxía (EURATOM)
- Joaquín Almunia, Comisario para Asuntos Económicos e Monetarios.

Por último, dentro do marco do CORE organizáronse varias accións de formación dirixidas a bolseiros que realizan prácticas profesionais nas oficinas rexionais ou nas institucións comunitarias. As xornadas de formación para bolseiros versaron sobre as funcións das oficinas, as súas relacións coas institucións comunitarias, as políticas comunitarias de maior interese para as Comunidades Autónomas e as oportunidades de emprego en Bruxelas.



A FGE encárgase de coordinar o Grupo de Coordinación Técnica (GCT) de Política Rexional e de Cohesión das oficinas de representación das Comunidades Autónomas en Bruxelas.

■ Grupos de coordinación técnica

No marco dos obxectivos previstos mediante o Acordo de Colaboración, os Grupos de Coordinación Técnica (GCT) teñen como misión principal o seguimento e a análise técnica continuada das políticas públicas comunitarias, desde o comezo do proceso de concepción das mesmas por parte da Comisión ata a súa adopción polo Consello e, de ser o caso, polo Parlamento Europeo. Con este propósito, establecen contactos con persoas axeitadas para o seguimento destes procesos, ás que se convida a participar nas súas reunións.

Oficinas coordinadoras

Tendo en conta as áreas de interese das Comunidades Autónomas, durante o ano 2007 funcionaron 12 GCT para cada un dos cales se designa unha oficina coordinadora:

- GCT Agricultura e Pesca: Coordinación: Andalucía.
- GCT Asuntos Sociais e Emprego: Coordinación: Madrid.
- GCT CdR e Gobernanza: Coordinación: Asturias.
- GCT Competitividade e Enerxía: Coordinación: Castela e León.
- GCT Cultura, Audiovisual, Educación e Xuventude: Coordinación: Cataluña.
- GCT I+D e Sociedade da Información: Coordinación: Madrid.
- GCT Xustiza e Inmigración: Coordinación: Cataluña.
- GCT Medio Ambiente: Coordinación: Cantabria.
- GCT Política Rexional e Cohesión: Coordinación: Galicia.
- GCT Relacións Exteriores e Cooperación ao Desenvolvemento: Coordinación: Valencia.
- GCT Seguridade Alimentaria, Sanidade e Consumo: Coordinación: Valencia – Andalucía.
- GCT Transportes: Coordinación: Aragón

GCT de política rexional e de cohesión

A Fundación Galicia Europa coordina o Grupo de Coordinación Técnica (GCT) de Política Rexional e de Cohesión das oficinas de representación das Comunidades Autónomas en Bruxelas, desde fai xa máis de catro anos. O ano 2007 estivo marcado pola aprobación final do Marco Estratéxico Nacional de Referencia de España e polas negociacións, que aínda persisten, sobre os Programas Operativos (PO) FEDER e FSE das CCAA españolas. A principios de ano celebráronse en Bruxelas as reunións de preparación e avaliación de ditos programas, coa presenza de representantes da Comisión Europea, do Ministerio de Economía e das CCAA.

Durante este ano, a Comisión tamén cumpriu coa obriga recollida no artigo 159 do TCE e presentou o Cuarto Informe sobre a Cohesión Económica e Social que recolle os avances nesta área, e abre o debate sobre o futuro da política de cohesión despois de 2013. En setembro, tivo lugar o Cuarto Foro da Cohesión ao que asistiron a maioría das oficinas rexionais en Bruxelas e no que se debateron temas coma as perspectivas de Europa e as súas rexións no referente ao crecemento da poboación, emigración e cualificación da man de obra. Falouse así mesmo da dimensión territorial das políticas europeas. Finalmente, a Comisión organizou tamén unha conferencia sobre a política de comunicación no tocante á política rexional destinada a todos os actores implicados na difusión das accións estruturais.

Tendo en conta a importancia das rexións como actores principais do novo obxectivo de cooperación territorial europea e o interese suscitado pola iniciativa "As rexións, actrices do cambio económico", prestouse atención á elaboración do PO Interreg IVC e a integración da referida iniciativa neste programa. Sobre este tema o GCT de Co-

hesión organizou dúas reunións con funcionarios da Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea. Na primeira delas tratouse polo miúdo a estrutura dos programas de cooperación transnacional, transfronteriza e interrexional e a súa vinculación coa iniciativa "As rexións, actrices do cambio económico". Este encontro contribuíu a clarexar as numerosas dúbidas das que existían en torno ao procedemento e ás modalidades de participación nesta iniciativa. A segunda das reunións tivo lugar trala publicación da primeira convocatoria de proxectos no marco do PO Interreg IVC e nela presentouse o novo INTERREG IVC á luz da primeira convocatoria: novas prioridades para o período 2007-2013, tipos de redes e proxectos que se busca promover e consellos prácticos para orientar as propostas. O obxectivo era poder informar axeitadamente ás CCAA sobre as oportunidades de financiamento baixo o novo instrumento financeiro.

En relación coa cooperación territorial, seguíronse con especial atención as evolucións da proposta da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), concretamente a presentación do estudo encargado polo Comité das Rexións (CdR) e a constitución dun grupo de expertos tamén no marco do CdR. Por outro lado, o Grupo celebrou tamén unha reunión cun dos funcionarios responsables da nova comunicación da Comisión sobre microcréditos. Nesta Comunicación contémlase a creación dun fondo de axuda ó desenvolvemento do microcrédito nas rexións europeas, dado que se considera un produto financeiro axeitado para fomentar o desenvolvemento rexional por medio da creación de microempresas.

Por último, como parte da coordinación do Grupo proseguíuse co labor de distribución daqueles documentos de interese para as actividades das oficinas rexionais no ámbito do desenvolvemento rexio-

nal, tales coma convocatorias de seminarios e reunións de especial relevancia, propostas relacionadas coa cohesión económica e social ou últimas versións de documentos relacionados co vindeiro período de programación.

2.4. Colaboración coa Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea: Participación galega nos OPEN DAYS 2007

Por iniciativa da Fundación Galicia Europa, Galicia tivo una presenza destacada nos seminarios organizados con motivo dos Open Days 2007. Concretamente, Galicia colaborou coa Dirección Xeral de Política Rexional na organización de dous seminarios sobre cooperación transfronteiriza que contaron coa participación de relatores galegos. Os seminarios analizaron diversos aspectos da cooperación transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal, tales coma a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal ou o novo instrumento da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT).

Esta quinta edición dos Open Days, Semana Europea das Cidades e Rexións, estivo organizada como en anos anteriores conxuntamente polo Comité das Rexións e pola DX de Política Rexional coa colaboración de 212 rexións e cidades de 33 países europeos. Os Open Days 2007 reuniron a uns 5400 participantes e 600 oradores que participaron en 120 seminarios organizados en Bruxelas. O tema deste ano xirou en torno a "as rexións como creadoras de crecemento e emprego" e centrouse especialmente no lanzamento dos novos programas de política rexional para 2007-2013. O programa estruturouse ó redor de cinco subtemas:

- Atracción de inversores
- Clusters e desenvolvemento rexional

- Partenariados público-privados e enxeñería financeira
- Redes e mellores prácticas de cooperación transfronteiriza
- Implementación dos novos programas

Dentro do subtema relacionado con redes e boas prácticas no eido da cooperación transfronteiriza, Galicia organizou dous seminarios sobre modelos de cooperación entre entidades rexionais e sobre a posta en marcha das AECT. O primeiro dos seminarios contou coa presenza de Aureliano García González-Llanos, director xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios da Xunta de Galicia, quen explicou o modelo da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal como exemplo de cooperación institucional entre dúas rexións fronteirizas.

No segundo dos seminarios, José Manuel Blanco González, subdirector xeral de Análise e Programación na Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia, falou sobre o proxecto de AECT Galicia-Norte de Portugal. Este seminario presentouse como unha continuación do seminario organizado en xullo de 2007 en Baiona en colaboración co Comité das Rexións e nel expuxéronse as dificultades de índole política e xurídica ás que se enfrontan as rexións á hora de intentar establecer unha AECT.

2.5. Organización de visitas de representantes galegos a Bruxelas

A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas desempeña un amplo labor en torno á organización de visitas de responsables políticos e técnicos do sector público ou privado galego, así como de grupos diversos procedentes de Galicia á capital europea.

En liñas xerais, o traballo desenvolvido pola oficina pode incluír as seguintes tarefas:

- Definición, de acordo cos interesados, dos interlocutores máis apropiados no seo das institucións europeas (principalmente, Comisión e Parlamento Europeo), na Representación Permanente de España ante a Unión Europea e outros organismos ou asociacións establecidos en Bruxelas ou venciados ao mundo europeo que poidan ser de interese.
- Establecemento dos contactos e confección dos programas de visitas.
- Asesoramento técnico en relación coas políticas europeas concernidas.
- Acompañamento durante as entrevistas: presentacións de apoio técnico e loxístico.
- No caso de visitas de grupos, organización de charlas nas institucións europeas e na propia Fundación Galicia Europa sobre a Unión Europea.

Durante o ano 2007, deben salientarse as visitas a Bruxelas dos seguintes responsables políticos e técnicos:

- O conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, desprázase en dúas ocasións a Bruxelas e a Luxemburgo, mantendo encontros cos comisarios europeos responsables de Política Rexional e de Asuntos económicos e Financeiros, e coas máis altas instancias do Banco Europeo de Investimentos (BEI) e do Fondo Europeo de Investimentos (FEI), entre outros.

- Participación no Consello de Ministros da Unión Europea en representación de todas as Comunidades Autónomas. Neste capítulo, cabe destacar a visita a Bruxelas da conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo Rodríguez, que participou na reunión do Consello de Cultura e Audiovisual que tivo lugar o 24 de maio de 2007. Así mesmo, a conselleira de Educación, Laura Sánchez Piñón, asistiu ás reunións do Consello de Ministros en materia de Educación nos meses de febreiro e maio de 2007.
- O secretario xeral de Relacións Exteriores, membro suplente do Comité das Rexións (CdR), trasládase a Bruxelas en múltiples ocasións para representar a Galicia nas catro sesións plenarias que o CdR celebra durante 2007, así como nas reunións correspondentes das comisións COTER e DEVE do CdR das que Galicia é membro.
- O alcalde de A Coruña, Javier Losada desprazouse a Bruxelas, acompañado por Moisés Jorge Naranjo, xerente do Consorcio de Turismo, para manter encontros con responsables das institucións comunitarias. Nesta visita reuniuse, entre outros, co comisario Joaquín Almunia, col presidente e eurodeputados do Parlamento Europeo, co director adxunto da Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea e co alcalde de Bruxelas-Capital.
- O presidente da Deputación de Ourense, José Luis Baltar Pumar, desprazouse a Bruxelas para reunirse, en outros, cun membro do gabinete do comisario Spidla e con funcionarios responsables do Fondo Social Europeo na Dirección Xeral de Emprego e Asuntos Sociais da Comisión Europea.

- No marco da firma do "Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fundación Europea para a Sociedade da Información e a Administración Electrónica" para fomentar o coñecemento das novas vías de acceso á Administración e a extensión do acceso á sociedade da información e novas vías do coñecemento, o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, José Luis Méndez Romeu, aproveitando a súa estancia en Bruxelas, mantivo varios encontros, dos que hai que resaltar a súa reunión col director responsable de Xustiza Civil, Dereitos e Cidadanía da Dirección Xeral de Liberdade, Seguridade e Xustiza da Comisión Europea.

Polo que se refire a visitas de grupos a Bruxelas, cabe destacar:

- A asociación comarcal agrarista "Círculo Gacela" desprazouse a Bruxelas para visitar as institucións comunitarias así como para visitar explotacións agrícolas de fabricación de alimentos para gando. En Holanda, visitaron unha empresa de poxa de flores e unha granxa.
- O director Xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, trasladouse a Bruxelas acompañado por 29 letrados do seu departamento. Durante a súa estancia mantiveron entrevistas con responsables do servizo xurídico da Comisión, do Parlamento Europeo, do Consello e do Comité das Rexións.
- Unha delegación de 27 Xerentes e Secretarios de diversas asociacións empresariais da Confederación de Empresarios de Pontevedra acudiron á capital europea para coñecer as institucións europeas e as organizacións que operan ao seu abeiro.



José Ramón Fernández Antonio, conselleiro de Economía e Facenda, con Danuta Hübner, comisaria de Política Rexional

2.6. Actividades culturais en Bruxelas

Entre as finalidades da oficina en Bruxelas da Fundación Galicia Europa atópase a difusión e promoción da identidade e a cultura galega na capital belga mediante o desenvolvemento de iniciativas en todos os ámbitos da cultura.

A presenza dunha destacada comunidade europea e internacional residente en Bruxelas, en tanto que sede das institucións da Unión Europea, converte a esta cidade nun escenario idóneo para dar a coñecer diversas facetas da cultura galega a través de exposicións, concertos, conferencias ou outras actividades dirixidas, en boa medida, a un público caracterizado pola súa vinculación coa Unión Europea, sen deixar de alcanzar a sociedade belga en xeral.

En moitos casos, estas actividades son o froito de colaboracións con outras institucións galegas, ademais de españolas e europeas, de carácter tanto público como privado. A colaboración coa comunidade galega de Bruxelas e os centros galegos ocupa tamén un lugar destacado.

■ Conferencia sobre a narración oral en Galicia (24 de maio)

Como conmemoración do Día das Letras Galegas, organizouse un espectáculo de contacontos a cargo do escritor Xabier Docampo na sede do Instituto Cervantes de Bruxelas. Como escritor de literatura infantil e xuvenil, Docampo ofreceu aos asistentes a narración de varias historias como mostra da arraigada tradición oral en Galicia. O acto foi organizado en colaboración coa Asociación Couto Mixto de Bruxelas, unha nova asociación de galegos que ten como obxectivo promover a cultura e a lingua galegas na capital belga. A clausura do acto correu a cargo da conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo.



Espectáculo de contacontos organizado pola FGE co gallo do Día das Letras Galegas, o 17 de maio

■ Espectáculo "Ida e volta" (6 de xuño)

A Fundación Galicia Europa apoiou a presentación en Bruxelas do proxecto ideado pola asociación belga Muziekpublique "Ida e Volta", na que se reuniu a tres cantantes galegas de prestixio acompañadas de catro músicos belgas. Guadi Galego, Uxía e Verónica Codesal amosaron así ao público belga reunido no Teatro Molière o son actual da tradición musical galega.

■ "Homenaxe a Galicia" concerto do guitarrista Juan Enrique Miguens (13 de novembro)

Cun repertorio arraigado na música popular, o guitarrista vigués Juan Enrique Miguens ofreceu un recital de guitarra no que se mesturaron muiñeiras e habaneras. A cita na sede do Instituto Cervantes congregou a numerosos persoeiros da comunidade española en Bélxica, coma a conselleira de Cultura da embaixada española.



"Homenaxe a Galicia", concerto do guitarrista Juan Enrique Miguens, o 13 de novembro

■ Outras actuacións de promoción

- Festa española dos stagiaires españois da Comisión Europea (maio).
- Festa española do Colexio de Europa en Bruxas (febreiro).
- Festa española do Colexio de Europa en Natolín (abril).
- Festa da Escola Europea de Ixelles (maio).
- "XVIII Campeonato de golf para os Españois" (xuño).
- Exposición "Les chemins de Compostèle" organizada pola Asociación de Amigos de Santiago de Compostela en Bélxica en Braine-Le-Château (do 31 de agosto ao 28 de outubro).
- Bazar de Nadal da OTAN (novembro).



3 Fomento da participación galega nos proxectos europeos



Durante o ano 2007, a Fundación Galicia Europa prestou o seu apoio para o lanzamento, a execución e a difusión de resultados de diferentes proxectos europeos nos que Galicia figuraba como líder ou como socio dun consorcio europeo. Este apoio traducíuse en accións de diversa natureza, tales coma:

1. Asesoramento na fase preliminar dos proxectos:

- Procura de financiamento comunitario,
- Procura de socios europeos para proxectos galegos e de socios galegos para proxectos cuxa iniciativa xurde noutras zonas de Europa,
- Asesoramento na elaboración da proposta do proxecto.

2. Axuda á realización de actividades de execución do proxecto:

- Procura de relatores para conferencias,
- Cesión de infraestruturas,
- Disseminación dos resultados dos proxectos a través da participación de persoal da Fundación Galicia Europa como relatores en conferencias ou mediante a publicación na web da Fundación Galicia Europa

A continuación menciónanse exemplos de proxectos europeos cos que ten colaborado a Fundación Galicia Europa ao longo do 2007:

1. Dinamización da Sociedade da Información en Galicia-diminución da fenda dixital.

A iniciativa da Fundación Galicia Europa, a directora xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información da Xunta de Galicia, Elena Veiguela Martínez presentou en xaneiro en Bruxelas no marco dun foro organizado pola multinacional Intel este proxecto que ten como obxectivo fomentar a formación e a sensibilización para favorecer un maior emprego das ferramentas da sociedade da información no rural galego.

2. A Estratexia de Lisboa como ferramenta para reforzar a competitividade das empresas galegas.

A Fundación Galicia Europa prestou apoio para a elaboración do programa de conferencias para a procura de relatores dunha iniciativa levada a cabo pola Confederación de Empresarios de Galicia que tiña como obxectivo difundir as políticas comunitarias no eido da empresa entre a comunidade empresarial.

3. Infoday Metalurxia galega.

A OPIDI, Oficina de Programas Internacionais de I+D+i promovida pola Consellería de Innovación e Industria, en colaboración coa Fundación Galicia Europa, organizaron a presentación, en febreiro en Bruxelas, do centro tecnolóxico galego AIMEN e as súas liñas de actuación primordiais de investigación e desenvolvemento no sector da metalurxia. O obxectivo final era contactar con socios europeos para desenvolver iniciativas conxuntas no ámbito tecnolóxico. Este acto celebrouse na sede da Fundación Galicia Europa.



A OPIDI en colaboración coa Fundación presentan o centro tecnolóxico AIMEN na oficina da FGE

4. Mobilitas.

A Fundación Galicia Europa, a Dirección Xeral de Xuventude e Solidaridade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o Eixo Atlántico e o Instituto Portugués da Xuventude, ao abeiro da Iniciativa comunitaria Interreg III-LA/Galicia-Norte de Portugal, desenvolveron dende decembro do 2005 e ata decembro do 2007 o Programa "A Movilidade, clave para a formación e o emprego ao servizo do desenvolvemento transfronteirizo", coñecido como Proxecto MOBILITAS. En marzo, a Fundación Galicia Europa impartiu dúas xornadas de formación dirixidas aos alumnos do programa Mobilitas.

5. Programa Innovación e Competitividade (CIP 2007-2013).

A Fundación Galicia Europa fixo unha ampla difusión, especialmente entre as organizacións empresariais galegas e os organismos adicados á difusión da información no eido da innovación, da convocatoria do CIP destinada a financiar a prestación de servizos de apoio á empresa e á innovación. Para rematar, o centro tecnolóxico CIS Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia e o IGAPE presentaron en abril, xunto con outros organismos homólogos en Asturias, Cantabria e Castela-León unha proposta conxunta do proxecto que foi aprobada pola Dirección Xeral da Empresa da Comisión Europea. Polo tanto, a Comisión Europea confirmou a concesión do financiamento comunitario a un novo proxecto con ampla participación galega e que recibe a denominación de GALACTEA PLUS.

6. Berenguela.

A Fundación Galicia Europa é socia do proxecto Berenguela, desenvolvido ao abeiro da Iniciativa Comunitaria EQUAL e cuxo obxectivo fundamental é facilitar e mellorar a incorporación sociolaboral dos mozos con cargas en garda ou tutelados pola administración, pero tamén mozos anteriormente nesa situación ou sinxelamente mozas encintas ou con cargas familiares en risco de exclusión social. No marco da Semana Europea do Emprego, a Fundación Galicia Europa organizou en xuño un acto de difusión dos resultados da rede SEIREN (composta por cinco proxectos EQUAL, entre os que se atopa o proxecto galego Berenguela). Ademais de expor os traballos realizados no marco desta rede vencellados á exclusión social, os representantes da Comisión Europea presentaron, na sede da Fundación Galicia Europa o pro-



Presentación do proxecto Berenguela na Semana Europea do Emprego en Bruxelas

grama PROGRESS e o enfoque trasnacional do Fondo Social Europeo no novo período financeiro 2007-2013.

7. Green Week 2007.

A edición correspondente ao ano 2007 titulouse “Leccións pasadas, desafíos futuros” e celebrouse na segunda semana de xuño. A Fundación Galicia Europa prestou o seu apoio para a realización dun programa de radio en directo que tivo lugar na xornada central da Green Week 2007. Este programa, que incluíu a realización de numerosas entrevistas a altos cargos da Comisión Europea, a xestores de proxectos europeos así

coma expertos medioambientais de toda Europa, serviu para difundir os contidos da política e da lexislación comunitaria do medio ambiente ademais de potencia a sensibilización sobre a importancia da participación nos proxectos europeos na área medioambiental.

8. Yang: Young Advisors Network y Galicia

Co fin de acadar un maior coñecemento pola cidadanía nos asuntos comunitarios, a Unión Europea promove un amplo abano de accións que impliquen/involucren aos cidadáns no proceso de construción europea. Nese contexto encádrase o proxecto YANG (rede de mozos expertos en Galicia, nas súas siglas en inglés), que se celebrou en Santiago entre o mércores 12 e o sábado 15 de decembro do 2007. A actividade, cofinanciada pola Comisión Europea, está organizada pola Fundación Galicia Europa, xunto coa Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, co Consello da Xuventude de Galicia e a organización húngara Pontus Iuventae.

O proxecto YANG consistiu nun obradoiro sobre temas comunitarios, que se organizou a xeito de simulación do Parlamento Europeo. Das 200 candidaturas recibidas, escolléronse 80 mozos segundo os seus coñecementos sobre cidadanía activa europea e segundo o seu nivel de idiomas. Os 27 Estados membros estiveron representados neste foro a través dun mínimo de dous mozos, sendo 11 os mozos que representaron a España. Ao longo de tres días, recolleuse a opinión de todos eles sobre os temas que centran a axenda actual das institucións europeas.

Os participantes dividíronse en seis comisións sectoriais: Relacións Exteriores e Desenvolvemento, Asuntos Económicos e Emprego, Asuntos Sociais e Dereitos Humanos, Medio Ambiente, Cultura, Educación

e Xuventude, e Igualdade de Oportunidades. Ao remate dos debates, cada comisión presentou un informe de conclusión.

Durante o segundo día de reunións, os participantes da actividade foron recibidos pola vicepresidenta do Parlamento de Galicia, Tereixa Paz, cuxa sede acolleu a celebración destas xornadas.



Sesión plenaria do Parlamento Europeo dos mozos participantes no proxecto YANG

9. *Open Days 2007.*

En outubro tivo lugar en Bruxelas a quinta edición dos Open Days, a Semana Europea das Cidades e Rexións. A Fundación Galicia Europa facilitou que Galicia tivese unha presenza destacada nos seminarios organizados conxuntamente polo Comité das Rexións e pola Dirección Xeral de Política Rexional coa colaboración de 212 rexións e cidades de 33 países europeos (Para mais información Ver o apartado 2.4 da memoria).

10. *Xornadas técnicas para a difusión do sector pesqueiro.*

Organizadas pola Confraría de Pescadores do Porto de Celeiro, tiveron lugar, como vén sendo habitual os últimos anos, no mes de novembro. A Fundación Galicia Europa prestou apoio para a difusión deste evento.

11. *Rexións para o Cambio económico.*

Trátase dunha iniciativa lanzada pola Dirección Xeral de Política Rexional no contexto do período financeiro 2007-2013, que pretende promover os proxectos de capitalización que son aqueles que deberán contribuír á transferencia dos resultados e instrumentos desenvolvidos no marco de experiencias previas de cooperación interrexional. O obxectivo é crear partenariados de rexións que integren as experiencias ou boas prácticas identificadas polos proxectos de capitalización nos programas operativos de Converxencia, Competitividade e Cooperación Territorial daquelas rexións que desexan mellorar as súas políticas de desenvolvemento rexional. A Fundación Galicia Europa fixo as xestións necesarias ao longo do 2007 para que Galicia fose invitada a participar nun dos proxectos máis sólidos dos que ata agora se forxaron. En concreto, trátase dunha proposta presentada á

primeira convocatoria, publicada a finais de 2007 liderada pola rexión do suroeste de Inglaterra e cuxos socios galegos son a Consellería de Economía e a Consellería de Innovación e Industria. En decembro de 2007, a Fundación Galicia Europa acolheu na súa oficina de Bruxelas un encontro dos socios interesados na presentación da proposta liderada polo Suroeste de Inglaterra. Este encontro serviu para definir os participantes e o contido da proposta que se presentou de modo conxunto a comezos do 2008.

12. 7º Programa Marco I+D+i 2007-2013

A Fundación Galicia Europa, ao longo do 2007, prestou o seu asesoramento para a participación de entidades galegas no 7º Programa Marco. As Universidades galegas, os centros tecnolóxicos e o tecido empresarial expuxeron consultas ao longo de todo o ano. Algunhas das propostas a destacar foron presentadas en áreas científicas como a enxeñería ambiental ou a estatística.

Por outra banda, cabe lembrar que o Programa Rexións do Coñecemento e o Programa Potencial investigador -incluídos dentro do 7º Programa Marco I+D+i 2007-2013- foron presentados pola Comisión Europea en novembro do 2006 en España (Santiago de Compostela) a través dun acto organizado pola Fundación Galicia Europa en colaboración coas Consellerías de Innovación e Industria e pola Consellería de Educación. Por mor da presentación en Galicia destes programas que constitúen as únicas iniciativas dirixidas ás rexións no 7º Programa Marco, a Fundación Galicia Europa recibiu e resolveu numerosas consultas de potenciais interesados na presentación de propostas.

Do mesmo xeito, a Fundación Galicia Europa respondeu a moitas outras consultas expostas por interesados nas posibilidades de financiamento de instrumentos comunitarios que interveñen en diferentes

áreas políticas, tales coma emprego e asuntos sociais, cultura e deporte, cidadanía, medio ambiente, enerxía, protección civil, etc.

Por outra banda, ao longo do 2007, a oficina en Bruxelas da Fundación Galicia Europa albergou diversos encontros entre os socios dos seguintes proxectos europeos como foi a reunión preparatoria de Cetrmar para a presentación dun proxecto Interreg IV C con outros socios europeos procedentes de Irlanda e Noruega ou a iniciativa da rede Europe Direct en Galicia, para estudar as posibilidades dun acordo de colaboración con outras entidades europeas no marco do proxecto "Camiños de Europa".



4 Información e publicacións

4.1. Información: principais novidades da actualidade europea en 2007

4.2. Portal web

4.3. Publicacións





4.1. Información: principais novidades da actualidade europea no 2007

Ao longo do ano 2007 botaron a andar os programas financeiros comunitarios para o período financeiro 2007-2013. A Comisión Europea foi publicando as primeiras convocatorias de proxectos dos citados programas, sendo algúns deles unha continuación do período financeiro anterior con algunhas modificacións, como é o caso do LIFE PLUS. Outros, sen embargo, sufriron cambios importantes como o caso do PROGRESS, o novo programa comunitario que refunde nun único instrumento as actuacións no ámbito do emprego, a protección e inclusión social, as condicións de traballo, a non discriminación e a igualdade de xénero.

Por outra banda, polo que se refire ao período 2007-2013 a UE esixe un cambio nas prioridades temáticas dos programas financeiros e dos proxectos que de estes se deriven, que deberán orientarse a acadar os obxectivos de Lisboa, isto é, que no 2010 a UE se convirta na economía baseada no coñecemento máis competitiva do mundo. Este cambio esixe unha importante actividade de apoio en Galicia. Neste sentido, a Fundación Galicia Europa está a realizar un especial esforzo para potenciar a participación de Galicia en programas que prevén responder aos obxectivos de Lisboa. Así, o 7º Programa Marco de I+D+i constitúe unha prioridade absoluta para a Fundación Galicia Europa, non só porque pretende ser un instrumento para reforzar a competitividade da nosa rexión senón tamén pola súa importantísima dotación financeira que se viu enormemente incrementada no actual contexto comunitario de restrición orzamentaria.

Durante o ano 2007, a Fundación Galicia Europa efectuou un seguimento detallado das condicións de participación de cada un dos novos programas en cada unha das áreas políticas nas que interveñen (polí-



tica de transportes, enerxía e medio ambiente, política de emprego e social, política de empresa, sociedade da información, investigación, desenvolvemento e innovación, política de educación e cultura, etc). Todos os programas atópanse recollidos no portal web da Fundación Galicia Europa coas súas correspondentes convocatorias, así como as procuras de socios invitando a participar en proxectos europeos. Ademais, realízase un envío puntual desta información a todos os interesados a partir da súa subscripción ao boletín electrónico da Fundación Galicia Europa.

Así mesmo, durante o ano 2007, a Fundación Galicia Europa efectuou un seguimento detallado daquelas iniciativas máis novas como é o caso da iniciativa "Rexións para o cambio económico". Esta iniciativa intégrase dentro do programa INTERREG IVC o cal apoiará dous tipos diferentes de intervencións, unha delas, totalmente nova, é a referida aos proxectos de capitalización. Estes deberán contribuír á transferencia de resultados e instrumentos desenvolvidos no marco de experiencias previas de cooperación interrexional, baixo o actual programa INTERREG IVC ou noutros marcos a nivel rexional. O obxectivo é crear partenariados de rexións que integren as experiencias ou boas prácticas identificadas polos proxectos de capitalización nos programas operativos de Converxencia, Competitividade e Cooperación Territorial daquelas rexións que desexan mellorar as súas políticas de desenvolvemento rexional. A Fundación Galicia Europa propiciou a inclusión de Galicia nun consorcio de rexións europeas, presentou unha proposta de proxecto de capitalización que conta co asesoramento dun experto de gran prestixio, Graham Meadows, ex director xeral de Política Rexional e principal responsable do lanzamento desta iniciativa cando estaba ao fronte da dita Dirección Xeral. O obxectivo final é que este proxecto de capitalización con participación galega sexa designado

como relevante pola Comisión Europea e esta proporcione asistencia comunitaria para o seu desenvolvemento.

No plano institucional, o feito máis reseñable, durante o ano 2007 foi a adopción do Tratado de reforma trala reunión informal do Consello Europeo dos días 18 e 19 de outubro de 2007. Este Tratado, que foi bautizado como Tratado de Lisboa, foi asinado polos representantes de todos os Estados membros na cidade lusa en decembro de 2007.

Neste contexto, a Fundación Galicia Europa efectuou un seguimento detallado das diferentes propostas que se foron presentando antes da firma final do texto. Neste senso, mereceu especial interese o reforzo do papel do Comité das Rexións que, se ben segue sendo un órgano consultivo, ve reafirmado o seu papel político. En particular a partires da entrada en vigor do Tratado, o Comité das Rexións poderá acudir ao Tribunal de Xustiza para que este actúe como garante do respecto ó principio de subsidiariedade consignado no Tratado. Ademais no tocante á potestade de pronunciarse do Comité das Rexións, o Parlamento Europeo terá desde 2009 a obriga de consultar ó Comité en determinadas materias.

As negociacións que se desenvolveron durante 2007 desembocaron nun texto que unicamente resta ser ratificado, de modo formal, por todos os Estados membros para que poida entrar en vigor. Se o proceso de ratificación do mesmo lévase a bo término, este texto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009.

4.2. Portal web

O novo portal web da Fundación Galicia Europa púxose en marcha a mediados de 2007 para dar resposta ás necesidades de comuni-

cación fixadas no plan estratéxico 2006-2009. Presenta unha nova estrutura que permite unha mellor navegabilidade e unha localización máis doada dos diferentes apartados. O deseño é moito máis atractivo, cunha presentación moito máis limpa e unha maior presenza de imaxes.

O novo portal está deseñado co obxectivo de:

1. Constituir unha fiestra aberta a todos os cidadáns galegos, tanto en Galicia coma no resto do mundo.
2. Ser unha plataforma de información para os empresarios galegos no terreo dos proxectos europeos, especialmente con vistas ao ano 2013 no que Galicia deixará de percibir os fondos estruturais.
3. Converterse nun punto de contacto entre os cidadáns galegos e a Fundación propiciando o feedback e a interacción. Todos os galegos poden servirse da web como unha ferramenta útil para acercarse á FGE e transmitir as súas dúbidas, opinións ou cuestións.

Con estes obxectivos, puxéronse en marcha os seguintes apartados:

- “Novas da UE”, que ofrece toda a actualidade nos temas de maior interese para os galegos a partir do seguemento in situ das políticas comunitarias que leva a cabo a FGE. Tamén inclúense os resumos diarios de prensa galega e internacional, sempre desde unha perspectiva comunitaria.

- “Traballo e prácticas”, onde se poden atopar unha nova edición da Guía de prácticas e saídas laborais na Unión Europea e organizacións internacionais totalmente actualizada, con toda a información sobre bolsas de estudo ou prácticas laborais tanto da FGE coma das institucións comunitarias ou outros organismos.
- “Axenda”, que contén os principais cursos, seminarios e conferencias de temática europea que teñen lugar tanto en Galicia coma en toda Europa.
- “Proxectos europeos”, onde se actualizan continuamente as convocatorias e programas comunitarios e ademais se publican as procuras de socios para o desenvolvemento de proxectos europeos. Este apartado inclúe tamén unha Guía práctica de posibilidades de financiamento da Unión Europea, elaborada pola FGE, que pode ser de gran utilidade para afrontar a xestión de proxectos comunitarios.
- O “Foro”, que pretende servir de punto de encontro e espazo de intercambio de experiencias de todos os galegos sobre temas relacionados coa UE.
- “Cóntanos a túa idea”, onde os interesados poden enviar as súas ideas para posibles proxectos europeos, a partir das cales a FGE presta o seu asesoramento.
- “Difunde os resultados do teu proxecto”, que ten por obxectivo a creación dunha base de datos sobre os proxectos europeos desenvolvidos en Galicia, que será de gran utilidade no futuro para todos aqueles que estean interesados en acercarse ao mundo da financiación comunitaria. Ademais, a FGE presta apoio aos consorcios para cumprir coa súa obri-

ga de difusión de resultados. O portal web é unha excelente plataforma para dar a coñecer os proxectos europeos.

- "A Túa voz en Europa", onde se recollen todos os procesos de consulta abertos pola Comisión Europea en diversos ámbitos co fin de que a cidadanía poida desempeñar un papel activo na elaboración das políticas europeas.

O novo portal ofrece, ademais, a posibilidade de subscribirse a un boletín electrónico no que se lle informa das últimas actualizacións do portal referentes a Novas UE, Novas da FGE, convocatorias e procuras de socios.

4.3. Publicacións

"Memoria 2006"



Como cada ano, a Fundación Galicia Europa publicou a súa Memoria de Actividades 2006, que foi presentada ao Padroado Ordinario que se celebra cada ano. Igual que en anos anteriores, presentouse nun formato que facilita a súa lectura e a súa colección.

Igualmente, a Fundación Galicia Europa elabora un calendario e unha axenda para difundir entre todas as entidades e persoas que estiveron vinculadas ou poidan ter interese nas actividades da FGE. Ambas publicacións conteñen publicidade corporativa da FGE e información sobre a Unión Europea. En concreto, en 2007 realizouse unha axenda con información sobre diversos pro-

gramas europeos aos que se poden presentar propostas de proxectos para obter financiamento comunitario, e un calendario celebrando os 20 anos transcurridos dende o nacemento da FGE.

"Os Estados Unidos de Europa"

Publicación da tradución galega da obra titulada "Os Estados Unidos de Europa", da cal é autor o Primeiro Ministro belga, Guy Verhofstadt. A edición en castelán foi preparada polo catedrático Jean Monnet de Dereito Constitucional da UE, da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio-Carlos Pereira Menaut, e foi presentada polo propio Primeiro Ministro belga e polo Presidente da Xunta de Galicia, a súa vez Presidente da FGE.



A edición galega tivo unha gran acollida téndose distribuído o 98 % da tirada (1000 exemplares). Esta edición foi preparada polo Profesor de Ciencias Políticas e da Administración e responsable do Módulo Jean Monnet "Sistema Político da Unión Europea: unha visión rexional", da Universidade de Vigo, Celso Cancela Outeda.

"Europa busca modelo. Os referenda nacionais sobre a Constitución Europea"



Obra da periodista galega Elizabeth López, este libro analiza o proceso de ratificación da Constitución Europea nos distintos Estados membros e ve a luz nun momento clave, ao coincidir co relanzamento do debate sobre o futuro de Europa. A obra ten por obxecto recordar tanto as cifras coma as circunstancias que caracterizaron o proceso de ratificación da Constitución Europea.

"España e Portugal: Vinte anos de integración europea"



Publicación que recolle a transcripción dos relatorios do curso da Universidade Internacional Menéndez Pelayo que, co mesmo nome, tivo lugar en Pontevedra en setembro de 2006, dirixido polos profesores Rafael García Pérez e Luis Lobo Fernandes. Nel recóllese a perspectiva dos países ibéricos do proceso de integración europea, a evolución das súas relacións bilaterais e a proxección exterior de ambos territorios.

Colaboración mensual coa revista ECO

A Fundación Galicia Europa acadou un acordo coa revista ECO para establecer unha colaboración mensual consistente nun artigo de unha páxina elaborado polo persoal da propia Fundación, adicado a un asunto de actualidade europea e no cal figurará o logo da Fundación, sen custo algún para a mesma. A data de hoxe, estes foron os artigos publicados:

Maio – Publicación dun suplemento especial de 8 páxinas sobre o 50 Aniversario dos Tratados de Roma.

Xuño – “Europa e China: Dúas realidades contrapostas ante un mesmo escenario internacional”

Xullo – “O reto da inmigración: un novo enfoque na UE”

Setembro – “O Acordo de Cotonou: ¿Comercio para o desenvolvemento ou desenvolvemento do comercio?”

Outubro – “Cara unha nova política de desenvolvemento rural”

Novembro – Publicación dunha reportaxe especial de 2 páxinas titulada “O Tratado de Lisboa abre un novo horizonte en Europa”

Decembro – “Galicia e o dilema da competitividade”

5 Formación

Semana de Europa en Galicia

Debate sobre o proceso de Integración Europea

- 5.1. Bolsas
- 5.2. Cursos, seminarios e xornadas
- 5.3. Actividades dirixidas á xuventude
- 5.4. Axudas a entidades para a realización de actividades relacionadas coa integración europea





5.1. Bolsas

A Fundación Galicia Europa asume, dende os seus inicios en 1988, un compromiso especial cos mozos galegos mediante a concesión de bolsas que lles permitan afondar no estudo dos temas comunitarios. Coñecer a fondo os variados e complexos mecanismos que conforman o proxecto europeo para que nun futuro contén coa posibilidade de traballar neste eido resulta absolutamente necesario.

Os centros de estudos europeos, as institucións da Unión Europea e a propia Fundación Galicia Europa conforman unha escea na que numerosos mozos desexan perfeccionar os seus coñecementos sobre a materia comunitaria. A Fundación Galicia Europa ofrécelles o soporte que precisan contribuíndo a reforzar a base da súa futura proxección profesional no eido da temática europea.

Por outra banda, a Fundación Galicia Europa contribúe tamén á formación práctica de profesionais que traballan ao servizo das súas entidades membros, mediante a concesión de bolsas para a realización de estadías dunha semana de duración na súa oficina de Bruxelas, que lles permitan afondar no coñecemento da Unión Europea no eido das súas competencias.

Dende a súa creación, son xa máis de 300 as persoas que se beneficiaron dunha bolsa da Fundación Galicia Europa no conxunto de todas as modalidades que otorga e que en 2007 foron as seguintes:

- Cinco bolsas para efectuar estudos de integración europea en centros universitarios europeos.
- Sete bolsas para a realización de estadías de prácticas nas oficinas da Fundación Galicia Europa en Santiago e en Bruxelas.



- Tres bolsas para a concesión de axudas económicas dirixidas a licenciados universitarios que obtiveran unha estadía non remunerada nunha institución europea.
- Cinco bolsas dirixidas ao persoal ao servizo das entidades membro e asociadas do Padroado da Fundación Galicia Europa para efectuar unha estadía de formación na oficina da propia Fundación en Bruxelas.

■ Relación de beneficiarios en 2007

*Bolsas para a realización de estudos de integración europea.
Curso 2007-2008*

Colexio de Europa

Xavier Oleiro Ogando, Campus de Bruxas, Bélxica

Julio Mercado Batista, Campus de Natolín, Polonia.

Universidade Católica de Lovaina, Bélxica

Iria Rodríguez-Lestegás Tizón

Instituto de Estudos Europeos,

Universidade Libre de Bruxelas, Bélxica

Laura Piccirillo

Susana Forján Lueiro

Bolsas para a realización de prácticas nas oficinas da fundación galicia europa. Do 15 de xaneiro ao 15 de decembro de 2007

Oficina de Santiago de Compostela

Tamara Guirao Espiñeira

Víctor Pérez Pascual, substituído por Ana María Veiras Neira dende o 15 de setembro.

Yago Valencia Abad dende o 1 de febreiro.



Licenciados en prácticas da oficina de Santiago da FGE con Isaac Díaz Pardo no Día de Europa



Oficina de Bruxelas

Ana López Fontal, substituída por Yago Valencia Abad dende o 1 de febreiro (oficina de Santiago de Compostela)

Manuel Alejandro Ramilo Rodríguez dende o 1 de febreiro e á súa vez substituído por Alesia Dacal Rodríguez dende o 1 de outubro.

Javier Villar Burke, substituído por Gabriel Lemos Doval dende o 9 de xullo.

María Coronado Vizcaya, substituída por Manuel Crespo Otero dende o 1 de outubro.

José Daniel Ugarte Otero, substituído por Luís Javier Martínez Rolán dende o 1 de outubro.

Bolsas para a realización de prácticas ns institucións comunitarias

Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas

Elvira Blanco Rielo

Parlamento Europeo

Anabel Andújar Vázquez

Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia (conforme ao punto 5 da convocatoria)

Guzmán García Rodríguez

*Bolsas dirixidas ao persoal das entidades membro do padroado da fge
para realizar estadias de formación na oficina de bruxelas*

M^a José Teijeiro Dacal
Xerente Instituto Galego de Consumo

Germán González Pazó
Director xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria.
Xunta de Galicia

Demetrio Hermida Castro
Profesor de ensino secundario. IES Fonmiña (Lugo).
Xunta de Galicia

M^a Carmen Taboada Fontao
Delegación provincial da Consellería de Educación en Lugo.
Xunta de Galicia

M^a Rosario Ferreiro Varela
Xefa da sección "Documentación" da Secretaría Xeral de
Análise e Proxección. Xunta de Galicia



*Demetrio Hermida Castro nunha visita á Comisión Europea acompañado
por unha técnico da Fundación e unha funcionaria da Dirección Xeral de
Educación e Cultura*

5.2. Cursos, seminarios e xornadas

■ Conferencia de Joaquín Estefanía (Director da Escola de Xornalismo UAM-El País) “España na UE: a longa marcha” (1 de febreiro)

Conferencia do coñecido xornalista, organizada pola Fundación Galicia Europa e o Instituto de Estudos Políticos e Sociais no Hotel Hesperia de A Coruña, co gallo da aparición do libro homónimo que o conferenciante ven de publicar. Estefanía foi director de Opinión de EL PAÍS dende 1996 ata 2002. Actualmente é director da Escola de Xornalismo UAM/EL PAÍS e obtivo o Premio Europa de Xornalismo pola súa defensa, ao fronte de EL PAÍS, das liberdades democráticas.

■ Conferencia “A Unión Europea para todos” para a asociación de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios de A Coruña (27 de febreiro)

A Fundación Galicia Europa, no seu labor de información e divulgación sobre a integración europea e as diferentes políticas e a súa repercusión en Galicia, achegou a realidade comunitaria ao colectivo das amas de casa no Centro Sociocultural da Fundación Caixa Galicia en A Coruña.

Nesta conferencia falou-se do devenir da integración europea neste primeiro medio século de vida, da súa xénese, dos tratados que a conformaron e as súas renovacións, das sucesivas ampliacións que fixeron que a Unión pasara de seis socios fundadores aos vinteseite actuais, das súas institucións e do estado actual da Unión e do proxecto de Constitución Europea.

Igualmente, presentouse o labor da Fundación Galicia Europa como vínculo entre a Unión Europea e a Comunidade Autónoma de Galicia, así como a presenza que ten Galicia tanto directa como indirectamente na Unión Europea.



Conferencia "A Unión Europea para todos" para a asociación de Amas Casa, Consumidores e Usuarios de A Coruña, celebrada o 27 de febreiro en A Coruña

■ Celebración da conferencia "Unha Europa ampliada. Presente, pasado e futuro" no marco da "Xornada informativa sobre a ampliación: Rumanía e Bulgaria" (15 de marzo)

Invitados pola Cámara de Comercio de Lugo, a Fundación Galicia Europa presentou o proceso de ampliación europea, describindo, paso a paso, o proceso de adhesión á Unión, e facendo especial fincapé nos novos candidatos. Describíronse así os requisitos do Tratado da Unión Europea e os criterios de Copenhague e Madrid, para despois pasar a definir o estatuto de candidato. Mencionouse a candidatura de Croacia, Antiga República de Macedonia e Turquía ademais do estatuto de Albania, Bosnia Herzegovina, Montenegro e Serbia como candidatos admisibles.

■ Xornada informativa sobre o Regulamento REACH de rexistro de sustancias químicas (22 de marzo)

A Cámara de Comercio de Lugo solicitou apoio do persoal técnico da Fundación Galicia Europa para impartir un relatorio sobre o marco xurídico do Regulamento REACH de rexistro de sustancias químicas, importante peza lexislativa que introduce numerosos cambios na regulación do sector. Esta xornada dirixida ao sector empresarial levouse a cabo xunto a expertos do Ministerio de Industria e do Ministerio de Medio Ambiente.

■ Campaña informativa sobre saídas laborais na UE e organizacións internacionais

Este ano a Fundación Galicia Europa levou a cabo unha campaña informativa que tivo como obxectivo principal dar a coñecer as diversas oportunidades académicas e laborais de que dispoñen os estudantes galegos tanto dentro como fora das fronteiras da UE. Neste senso, leváronse a cabo diversas charlas nas universidades galegas: Na Facultade de Ciencias Políticas da Universidade de Santiago de Compostela (19-01-07), na Facultade de Dereito da Universidade da Coruña (15-03-07) e na Facultade de Ciencias Económicas da Universidade de Santiago de Compostela (11-04-07). Igualmente, prevése a publicación dunha Guía de prácticas e saídas laborais na Unión Europea e Organizacións Internacionais que verá a luz a principios de 2008 e que difundirase gratuitamente entre os alumnos das tres Universidades galegas.



Persoal da FGE no Salón de Graos da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña informando sobre oportunidades laborais na UE



Formación

■ Concurso da Declaración de intencións para a Unión Europea (22-23 de marzo)

Dous dos licenciados en prácticas da oficina da Fundación Galicia Europa en Santiago obtiveron un premio nun concurso organizado polo grupo ALDE do Parlamento Europeo (Alianza de Liberais e Demócratas Europea), sendo seleccionados para asistir aos actos conmemorativos do 50 Aniversario dos Tratados fundacionais, en Roma, durante o 22 e 23 de marzo de 2007. Nestes dous días, participaron en todos os actos organizados polo grupo ALDE, así como polo Comité das Rexións.



Tamara Guirao e Yago Valencia, da FGE, entre os gañadores do concurso do 50 aniversario da UE



■ Actos conmemorativos do 50 Aniversario dos Tratados de Roma e Debate coa Xuventude Española sobre a idea de Europa (25 de marzo)

A Fundación Galicia Europa foi unha das institucións invitadas pola oficina da Comisión Europea en España, en representación de Galicia, para participar neste debate onde mozos das distintas autonomías expuxeron a súa visión de Europa, sobre o modelo de Europa que desexaban e os desafíos aos que a Unión Europea deberá facer fronte nos próximos 50 anos.

■ “Viaxar, estudar e traballar en Europa” IES. Salvador de Madariaga, A Coruña (17 de abril)

Realizouse un encontro entre membros da Fundación Galicia Europa e estudantes de bacharelato para falar sobre as posibilidades de estudo e de traballo na Unión Europea. Informouse aos alumnos sobre todas as posibilidades que ofrecen os programas de mobilidade europeos, como o programa Leonardo da Vinci, para realizar prácticas en empresas e institucións dos Estados membros, ou o Programa Erasmus, para cursar estudos nas universidades europeas. Os relatores salientaron a importancia de aprender idiomas e do recoñecemento dos títulos de estudos a nivel europeo.

■ SEMANA DE EUROPA EN GALICIA

A Fundación Galicia Europa, xunto coa Xunta de Galicia, e co apoio doutras entidades, especialmente da Fundación Otero Pedrayo, organizaron entre o 9 e o 11 de maio de 2007, un conxunto de actividades con motivo do Día de Europa, que celebrárase o 9 de maio de cada ano en todos os Estados membros da Unión Europea.

Este ano conmemórase, ademais, o 50 Aniversario da sinatura do Tratado de Roma, peza esencial do nacemento e desenvolvemento da construción europea.

Ao mesmo tempo, os actos organizados durante esta Semana salientan a contribución da Xeración Nós á modernización de Galicia e á dignificación da cultura galega universal a través da súa apertura á realidade de Europa.



■ Declaración institucional con motivo do Día de Europa (9 de maio)

O Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, José Luis Méndez Romeu, realizou unha declaración institucional con motivo da celebración do Día de Europa, festividade que ten a súa orixe na Declaración que Robert Schuman, ministro francés de Asuntos Exteriores, realizou o 9 de maio de 1950 proponendo a creación do que hoxe coñecemos como Unión Europea, chamamento que deu os seus froitos na sinatura dos Tratados fundacionais en Roma en 1957.

■ Inauguración da exposición "Galicia, célula de universalidade. Europa e a Xeración Nós" (9 de maio)

Inauguración da exposición no Museo do Pobo Galego, que permaneceu aberta ao público ata o 15 de xullo e recibiu 25.000 visitas. A exposición, composta por paneis informativos, material audiovisual e pezas documentais orixinais organizouse en tres seccións: "As raíces europeas de Galicia: introdución histórica á orixe europea de Galicia", "A Xeración Nós e Europa: o galeguismo en Europa e o discurso da Xeración Nós" e "A construción da nova Europa: o nacemento da Unión Europea".



Exposición "Galicia, célula de universalidade. Europa e a Xeración Nós" no Museo do Pobo Galego.

■ Debate sobre o proceso de integración europea (10 de maio)

A FGE organizou un debate sobre o papel de Galicia no contexto da situación actual europea no que participaron intelectuais galegos, profesores e expertos en temas comunitarios (Xosé Luis Barreiro Rivas, Xaime Barreiro Gil, Suso de Toro, Félix Soria). Os asuntos a debater xiraron en torno ao estado actual do proceso de construción da Unión Europea e na incidencia do proxecto comunitario na modernización de Galicia.



Participantes da mesa redonda: Xaime Barreiro Gil, Suso de Toro, Tino Santiago, Xosé Luis Barreiro Rivas y Felix Soria



■ Entrega de premios do Concurso de Pintura Infantil "Contos e lendas de Europa" da Fundación Galicia Europa (10 de maio)

Entrega de premios aos gañadores do Concurso de pintura infantil Contos e lendas da Unión Europea que organiza, como todos os anos, a Fundación Galicia Europa co obxectivo de promover a idea de Europa entre o público infantil (de 6 a 12 anos) de todos os colexios de Galicia.

O lema do Concurso deste ano foi Contos e lendas da Unión Europea, co que pretendíase que os nenos trasladasen ao papel en forma de debuxo o que lles suxire a idea de Europa, para o que facilitáronselles diferentes textos que recollían historias e lendas de cada un dos Estados membros da UE, e que son un reflexo dun dos elementos básicos do proxecto europeo: a unidade na diversidade.

Primeiro premio

Diego López Paz (10 anos)
Colexio Centieiras
Perlío-Fene (A Coruña)

Segundo premio

Jennifer Fenández López (11 anos)
C.E.I.P. Antonio Fernández López
Sarria (Lugo)

Terceiro premio

Santiago Dios López (11 anos)

C.E.I.P. Virxe do Rocio

Vigo (Pontevedra)



Os tres gañadores do concurso "Contos e lendas da Unión Europea"

■ Acto institucional "Europa e a Xeración Nós" (11 de maio)

Na Casa Grande de Cimadevila, sede da Fundación Otero Pedrayo, tivo lugar un acto institucional de carácter europeísta en homenaxe á Xeración Nós, presidido polo titular do Goberno Gallego.

Con este homenaxe en Trasalba aos integrantes deste grupo de intelectuais comprometidos con Galicia e, ao mesmo tempo, coas aspiracións integradoras e federalistas do continente europeo, púxose o broche de ouro á Semana de Europa en Galicia.



"Europa e a Xeración Nós", acto na Casa Grande de Trasalba, sede da Fundación Otero Pedrayo

■ I Xornada O futuro de Europa a debate (16 de maio)

A Fundación Galicia Europa colaborou como entidade participante na I Xornada O futuro de Europa a debate organizada polo Máster Oficial en Estudos da Unión Europea da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña e a Asociación de Antigos Alumnos do Máster en Estudos da Unión Europea "Euronova" co relatorio "O papel de Galicia e as rexións ante o futuro da Unión Europea".

■ Seminario "A cooperación policial e xudicial no ámbito da Unión Europea", Universidade Internacional Menéndez Pelayo (2-6 de xullo)

A Fundación Galicia Europa coorganizou, xunto ao departamento de Dereito Procesal da Universidade de Santiago de Compostela, o seminario "A cooperación policial e xudicial no ámbito da Unión Europea", da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, que tivo lugar do 2 ao 6 de xullo na sede da Fundación Luis Seoane en A Coruña. Con este curso tratouse de abordar de maneira extensa a situación actual da cooperación en ambos eidos, polo que estivo dirixido especialmente aos operadores xurídicos, así como a todos aqueles alumnos interesados por estes temas.

Ao longo deste seminario levouse a cabo un enfoque exhaustivo dla cooperación policial e xudicial, tanto no ámbito civil como no penal, para o que se contou como relatores con varios catedráticos e diversas personalidades dos ámbitos xurídico e político. A Fundación tamén protagonizou un dos relatorios do seminario sobre "A protección de datos na cooperación policial e xudicial".



Manuel Morán e Raquel Castillejo, Directora do Curso "A Cooperación policial e xudicial no ámbito da Unión Europea"

■ Xornadas de Formación e Sensibilización en Asuntos Europeos e Seminarios de Xestión de Proxectos Europeos nas Cámaras de Comercio galegas (setembro-outubro-novembro)

A Fundación Galicia Europa organizou as Xornadas de Formación e Sensibilización en Asuntos Europeos en colaboración coas Cámaras de Comercio de Santiago de Compostela, Ferrol, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra e Ourense. Estas xornadas, que se desenvolveron durante os meses de setembro, outubro e novembro, tiveron un dobre obxectivo: por unha banda, déronse a coñecer as principais políticas comunitarias aos actores sociais e económicos interesados, e, por outro lado, ofrecer unha formación de base sobre o desenvolvemento de proxectos europeos. Con cursos sobre a política medioambiental da UE, os fondos estruturais, política social, competencia, política comercial, a ampliación da UE, o proceso constitucional europeo e a elaboración e xestión de proxectos europeos impartidas polo persoal da sede de Santiago da Fundación Galicia Europa, contabilizáronse máis de 100 horas docentes.

■ Ciclo de conferencias “Medio século de integración europea: desafíos actuais na era da globalización” (setembro-outubro)

A Fundación Galicia Europa, en colaboración co Instituto de Estudos Políticos e Sociais, a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia e o Ministerio de Asuntos Exteriores, organizou un ciclo de conferencias durante os meses de setembro e outubro para analizar os retos de futuro aos que se enfrenta a Unión Europea na era da globalización, que tivo como marco o Auditorio da Fundación Caixanova en A Coruña.

Co obxectivo de aportar aos cidadáns galegos a reflexión sobre a situación actual da UE, o 7 de setembro deu inicio en A Coruña o ciclo de conferencias *Medio século de integración europea: desafíos actuais na era da globalización* coa intervención do parlamentario europeo Antolín Sánchez Presedo.



Intervención de Pasqual Maragall no ciclo de conferencias "Medio século de integración europea: desafíos actuais da UE na era da globalización"

Igualmente, interveu o ex presidente da República Portuguesa, Mário Soares, que realizou un balance dos 50 anos de integración; o ex presidente da Generalitat de Catalunya e ex presidente do Comité das Rexións, Pasqual Maragall, que analizou a acción exterior dos entes locais e rexionais nla esfera comunitaria e o eurodiputado Daniel Varela Suanzes-Carpegna para falar dos últimos avances no proceso constituínte europeo.

Este ciclo de conferencias tivo como finalidade achegar aos cidadáns de Galicia o debate sobre o proceso de reforma institucional que se está a producir no seo da UE. Os resultados do referendo sobre o Tratado polo que se establece unha constitución para Europa revelaron a necesidade de abrir un período de reflexión e de maior sensibilización dos cidadáns europeos cara aos temas comunitarios. Do mesmo xeito, cabe ter en conta o proceso de globalización que vai redefinir o papel que debe xogar Europa no ámbito internacional fronte ao crecemento doutros grupos de actores.



Mário Soares acompañado por un asesor técnico da FGE

■ Conferencia inaugural do Congreso Internacional sobre Defensa Responsable, organizado polo Instituto Galego de Estudos de Seguranza e da Paz (16 de outubro)

Inauguración do Congreso Internacional sobre Defensa Responsable, actividade financiada pola FGE, que tivo lugar no Centro de Estudos Avanzados da Universidade de Santiago de Compostela, na que destacados expertos na materia, entre os que se incluía un ex ministro portugués e persoal da OTAN, expuxeron os máis recentes avances da construción dun espazo defensivo europeo.

■ Curso superior de Dereito comunitario

Xunto á Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, a EGAP e a Fundación Caixa Galicia, a Fundación Galicia Europa organizou un "Curso superior de dereito comunitario", que se celebrou no edificio da EGAP do 17 de outubro de 2007 ao 3 de marzo de 2008. Este curso naceu coa vontade de pretender afondar no estudo desta parte do ordeamento xurídico, para dotar aos asistentes dun conxunto de capacidades e habilidades que poidan aplicar ao seu ámbito laboral ou profesional, dada a incidencia cada vez maior da materia obxecto do curso na actividade ordinaria da Administración, abrangendo as últimas novidades doutrinais, lexislativas e xurisprudenciais. Con un amplo cadro docente, no que destacan figuras como Gil Carlos Rodríguez Iglesias ou Dámaso Ruiz-Jarabo Colomer, este curso tivo como principais destinatarios aos letrados da Xunta de Galicia, funcionarios autonómicos e da administración local e profesionais do dereito.



5.3. Actividades dirixidas á xuventude

Ao longo do ano 2007, desenvóléronse en Santiago de Compostela dous cursos de especialización en axentes europeos de mobilidade, organizado pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e a Fundación Galicia Europa, coa colaboración do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular e o Instituto Portugués da Xuventude.

Estes cursos formaron parte do Proyecto Europeo MOBILITAS (adscrito á Iniciativa comunitaria Interreg III – LA, subprograma Galicia – Norte de Portugal). Tiñan como obxectivo desenvolver e formar, do xeito máis práctico posible, un grupo de Axentes europeos de Mobilidade tanto en Galicia como na Rexión Norte de Portugal, presentando as liñas de financiamento máis salientables e ao alcance da poboación xuvenil galego-portuguesa.

Os cursos, que constaron de 150 horas, foron especialmente prácticos, de aí que a meirande parte dos mesmos foron casos prácticos a realizar nas aulas, e por iso os relatores eran persoas ou entidades que se encargaban a diario da realización de proxectos europeos. Predominou a realización de programas relacionados coa presentación de proxectos europeos e a dotación de información sobre a mobilidade dos mozos así como políticas de xuventude e mobilidade, as novas tecnoloxías e a creación de redes.

O obxectivo dos cursos non foi outro que proporcionar aos alumnos as ferramentas e os contidos necesarios para que eles mesmos poidesen estruturar calquera proxecto, xa non só da Unión Europea, e así causar un efecto multiplicador dende o seu traballo ou ben que a experiencia adquirida lles puidera proporcionar un traballo ou unha saída profesional para o cal estivesen preparados.

Os alumnos (un total de 40) deberon presentar ao longo dos cursos un proxecto europeo deseñado e desenvolvido por eles mesmos, ao mesmo tempo realizaron unha actividade relacionada cos obxectivos do curso (dende unha charla, uns dípticos, ...). Como exemplo do bo facer dos participantes e da súa implicación hai que salientar a realización dun blog (<http://www.axentesdemobilidade.blogspot.com/>) onde semanalmente íase resumendo o ocorrido nas aulas; dun Vademecum onde se recolle a información pertinente sobre os relatores e os asistentes, charlas en diferentes municipios galegos e sectores diversos e unha páxina web que en tres meses tivo máis de 3.000 entradas: <http://www.euromobilidade.yo>.

A modo de conclusión hai que subliñar que os obxectivos deseñados nesta actividade foron acadados. Así sete mozos conseguiron emprego (polo de agora); e tres proxectos europeos foron viables e executaranse ao longo do ano 2008 en tres municipios galegos (quedando pendentes varios proxectos de avaliación).

5.4 Axudas a entidades para a realización de actividades relacionadas coa integración europea

A Fundación Galicia Europa ten como obxecto promover todas aquelas accións que, respectando as disposicións legais existentes, fomenten o achegamento á realidade da integración europea. Por iso, entre outras accións, apoia a realización de cursos, seminarios, congresos, xornadas, viaxes e estancias, publicacións e outras actividades de natureza semellantes levadas a cabo por outras entidades que contribúan a un maior coñecemento de aquela. Polo tanto, estimouse convinte establecer un instrumento que permita regular a concesión de axudas durante o ano 2007, con destino ao fomento da integración europea.



BENEFICIARIOS 1º Período	IMPORTE
Confederación de Empresarios de Pontevedra: Viaxe a Bruxelas para visitar as Institucións Comunitarias	6.000,00 €
Universidade de Santiago de Compostela: VII Curso de integración europea	6.000,00 €
IES Monelos, A Coruña – Proxecto DEFRIIT: Organización encontro europeo estudantes 14 a 18 anos	5.000,00 €
Instituto Galego de Estudos de Seguranza Internacional e da Paz: I Congreso Internacional Defensa Responsable	2.000,00 €
BENEFICIARIOS 2º Período	IMPORTE
Asociación Galega de Xerontoloxía no Traballo Social: Proxecto europeo piloto de estudo de servizos sociais. 3ª idade en países da UE	5.000,00 €
Confederación de Empresarios de Ourense: Xornada "A Estratexia de Lisboa como ferramenta para a Competitividade das empresas"	4.000,00 €
Centro de Linguas Modernas USC: Curso de verán. Proxecto "Babel"	4.000,00 €
Asociación Galega de Migracións Internacionais: Curso "Cidadanía e diversidade na UE"	3.000,00 €
Asociación de Comerciantes Novo Ferrol: Campaña de divulgación da UE no comercio ferrolán	2.500,00 €
Asociación Escola Familiar Agraria Fonteboa: Cultura medioambiental europea no medio rural galego	1.000,00 €
BENEFICIARIOS 3º Período	IMPORTE
Deputación Provincial de Ourense: Curso Obxectivos de cooperación territorial EU para 2007-2013	5.100,00 €
Federación de Empresarios Costa da Morte: Viaxe Institucional a Bruxelas	3.900,00 €
USC Cátedra Jean Monnet: X Curso Dereito Constitucional da UE	3.800,00 €
Asociación Provincial de Amas de Casa de A Coruña: II Congreso Internacional Consumo e Saúde	3.700,00 €
Concello de Cabana de Bergantiños: Xornadas de promoción e difusión da cultura en territorios rurais do espazo atlántico	2.950,00 €

6

Axenda 2008





Institucións europeas

Xaneiro						
Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sab	Dom
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Febreiro						
Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sab	Dom
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29		

Marzo						
Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sab	Dom
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

- Sesión plenaria do Parlamento Europeo
- Pleno do Comité das Rexións
- Comisións do Comité das Rexións DEVE, COTER, CAFA, CONST, ECOS, EDUC, RELEX

Abril						
Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sab	Dom
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

Maio						
Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sab	Dom
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Xuño						
Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sab	Dom
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

- Sesión plenaria do Parlamento Europeo
- Pleno do Comité das Rexións
- Comisións do Comité das Rexións DEVE, COTER, CAFA, CONST, ECOS, EDUC, RELEX



Xullo						
Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sab	Dom
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Agosto						
Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sab	Dom
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Setembro						
Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sab	Dom
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

■ Sesión plenaria do Parlamento Europeo

■ Pleno do Comité das Rexións

■ Comisións do Comité das Rexións DEVE, COTER, CAFA, CONST, ECOS, EDUC, RELEX

Outubro						
Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sab	Dom
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Novembro						
Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sab	Dom
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

Decembro						
Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sab	Dom
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

- Sesión plenaria do Parlamento Europeo
- Pleno do Comité das Rexións
- Comisións do Comité das Rexións DEVE, COTER, CAFA, CONST, ECOS, EDUC, RELEX

7

Europa en Galicia. ¿Quen é quen?





REDE DE INFORMACIÓN EUROPEA EN GALICIA

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Rúa dos Feáns 3 C baixo

15706 Santiago de Compostela

Tel.: 981 541 012 ; Fax: 981 541 013

<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu>

SECRETARÍA XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES

Rúa dos Feáns, 5 baixo

15706 Santiago de Compostela

Tel.: 981 541 002; Fax: 981 541 003

sunioneu@xunta.es

OFICINA DE INFORMACIÓN EUROPEA PARA XOVES

Divulga a información europea, orienta e asesora á mocidade para promover a súa participación en programas europeos.

Rúa dos Feáns, nº 3C baixo

15706 Santiago de Compostela

Tel.: 981 541 010 ; Fax: 981 541 013

informacion.europea.jovenes@xunta.es

CENTROS DE DOCUMENTACIÓN EUROPEA

O seu obxectivo é facer accesible ao conxunto da comunidade universitaria e ao público en xeral a información sobre a Unión Europea e as súas diferentes políticas, así como promover e consolidar o estudo sobre a integración europea.

Universidade de Santiago de Compostela

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Avda. Xoán XXIII, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 563 990; Fax: 981 547 025

<http://www.usc.es/cde>

Universidade da Coruña

Facultade de Dereito

Campus de Elviña, s/n

15071 A Coruña

Tel.: 981 167 100 Ext. 1628 ; Fax: 981 290 310

<http://www.udc.es/iuee/cde>

EUROPE DIRECT A CORUÑA

Informa sobre a lexislación, as políticas, os programas e accións da Unión, e proporciona regularmente información de retorno ás institucións europeas.

Deputación Provincial de A Coruña

Alfárez Provisional, nº 2

15006 A Coruña

Tel.: 981 183 331; Fax: 981 183 354

<http://www.dicoruna.es/ipe>

EUROPE DIRECT GALICIA

Ofrece un servizo de primeira acollida que consiste en informacións de tipo xeral sobre temas europeos, resposta individualizada e consulta sobre temas específicos.

Centro Europeo de Información Rural

San Pedro de Mezonzo, 48 baixo

15701 Santiago de Compostela

Tel.: 981 553 390; Fax: 981 590 875

<http://www.europadirecto-galicia.com>

EURO INFO CENTRO

Informa ás empresas de todos os temas no ámbito comunitario, asesora ás PEMES sobre a aplicación da lexislación comunitaria, axuda ás empresas a ser máis competitivas no mercado europeo e funciona como servizo de alerta ante a Comisión Europea sobre o impacto de actuacións comunitarias nas PEMES de Galicia.

Confederación de Empresarios de Galicia

Rúa do Vilar, 54

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 555 888; Fax: 981 555 882

<http://www.ceg.es>

CENTRO DE ENLACE PARA INNOVACIÓN (CEI)

Promove a transferencia de tecnoloxía e a valorización de resultados de investigación nas empresas, principalmente en las PEMES.

Rúa A Cabana s/n

15590 Ferrol

Tel.: 981 102 100 ; Fax: 981 102 102

<http://www.cisgalicia.org>

CENTRO EUROPEO DE EMPRESA E INNOVACIÓN

Proporciona actividades e servizos que melloren a presenza e a creación de empresas a nivel rexional, poñendo en marcha un mecanismo activo e permanente de detección e selección de emprendedores e proxectos, para poder ofrece un abano completo de servizos para a creación e diversificación empresarial.

Edificio IGAPE - Planta 3ª Planta

Barrio de San Lázaro, s/n

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 823; Fax: 981 546 832

<http://www.bicgalicia.es>

CENTRO DE INFORMACIÓN, DOCUMENTACIÓN E ESTUDOS COMUNITARIOS (CIDEC)

Ofrece servizos orientados ao mundo empresarial: lexislación comunitaria, convocatoria de programas, informes e documentación relacionada coa UE.

Cámara de Comercio de A Coruña

Alameda, 30-32, 3º

15003 A Coruña

Tel.: 981 216072; Fax: 981 225 208

<http://www.camaracoruna.com>

EUROBIBLIOTECAS

EUROBIBLIOTECA DE A CORUÑA

Biblioteca Pública "Miguel González Garcés"

Rúa Miguel González Garcés, s/n

15008 A Coruña

Tel.: 981 170 218; Fax: 981 170 218/219

EUROBIBLIOTECA DE LUGO

Biblioteca Pública Provincial

Avda. Ramón Ferreiro, s/n

27071 Lugo

Tel.: 982 228 525

EUROBIBLIOTECA DE OURENSE

Biblioteca Pública do Estado

Concello, 11

32033 Ourense

Tel.: 988 210 700; Fax: 988 218 550

EUROBIBLIOTECA DE PONTEVEDRA

Biblioteca Pública

Afonso XIII, 3

36002 Pontevedra

Tel.: 986 850 838; Fax: 986 862 127



Europa en Galicia. ¿Quen é quen?



fundación
GALICIA EUROPA